



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE CELÍACOS DE GALICIA (ACEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “A RESTAURACIÓN GALEGA SEN GLUTE”, NO ANO 2020.**

Santiago de Compostela

### **REUNIDOS**

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, María Teresa García Fernández, co DNI 10011870Q, que actúa en nome e representación da Asociación de celíacos de Galicia (en adiante ACEGA), en calidade de presidente, co NIF G15675960, de acordo co nomeamento en Asamblea Xeral Extraordinaria do 2 de abril do 2016, outorgado segundo o procedemento establecido nos seus estatutos e que consta no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 69/98

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros





entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**SEGUNDO.** Que a Comunidade Autónoma galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**TERCEIRO.** Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

**CUARTO.** Que a ACEGA é unha entidade de carácter privado sen ánimo de lucro, creada en 1998 co obxectivo fundamental de axudar a todas as persoas afectadas pola enfermidade celíaca e dermatite herpetiforme. Agrupa, con carácter voluntario, a persoas celíacas, aos pais ou titores de nenos e nenas celíacos/as e a todas aquelas persoas enfermas cuxo tratamento esixa manter unha dieta sen glute, a fin de tratar as solucións máis idóneas aos problemas de tipo social, psicolóxico e técnico que poden presentarse como consecuencia da súa condición. A ACEGA pertence á Federación de Asociacións de celíacos de España (FACE) quen ten por obxecto xuntar o esforzo e coordinar o traballo realizado polas asociacións e federacións de persoas celíacas para mellorar a calidade de vida das persoas que forman este colectivo e conseguir a súa integración social.

**QUINTO.** A Enfermidade Celiaca (EC) é unha enfermidade multisistémica con base autoinmune provocada polo glute e prolaminas relacionadas, en individuos xeneticamente susceptibles. A prevalencia estimada nos europeos e os seus descendentes é do 1%, sendo máis frecuente nas mulleres cunha proporción 2:1. O glute é unha proteína que se atopa na semente de moitos cereais como son o trigo, cebada, centeo, triticale, espelta, algunhas variedades de avea, así como os seus híbridos e derivados.

En particular, a ACEGA está a desenvolver un programa denominado “a *restauración galega sen glute*” que ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida do





colectivo de persoas coa enfermidade de celiaquía e pon o foco en eliminar os obstáculos cos que se atopan no desenvolvemento da súa vida fóra da casa. O fin último do proxecto é o de por a disposición das persoas calíacas unha listaxe de establecementos nos que poder consumir os seus produtos con seguridade, elaborados por profesionais formados na materia.

Para estes efectos, a ACEGA asinou un convenio de colaboración cun grande número de establecementos do sector HORECA (hoteis, restaurantes e cafeterías), para o desenvolvemento pola entidade de determinadas actividades de formación, asesoramento na materia, tomas de mostras dos menús sen glute elaborados polos establecementos colaboradores ou de auditoría e seguimento de cambios para a adaptación dos destes á normativa de aplicación na materia.

Tras dous anos de execución deste programade restauración, o número de locais adheridos a esta iniciativa non deixou de crecer ata os 140 establecementos.

A colaboración da Consellería de Política Social e a ACEGA marca agora un novo reto: colaborar e formar en celiaquía a 400 locais da Comunidade Autónoma de Galicia. A consecución deste hito situaría a Galicia en Comunidade Autónoma de referencia de xestión hostaleira en materia de alérxenos, reforzando así a posición galega de cara ao Xacobeo 2021.

**SEXTO.** Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar esta actuación mediante a sinatura dun convenio de colaboración.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes, neste caso, en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrência para a concesión dunha subvención, pois esta entidade á a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

- O artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dúas servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio de colaboración é o financiamento pola Consellería de Política Social do programa “*a restauración galega sen glute*”, da entidade ACEGA, que inclúe a realización de actividades encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas celíacas fóra do seu entorno doméstico a través da capacitación de establecementos hostaleiros en materia de celiarquía.

### SEGUNDA. ACTUACIÓNS

As actuacións a desenvolver pola ACEGA en relación cos diferentes obxectivos específicos do proxecto, serán as seguintes:

1. A formación a establecementos hostaleiros acerca de como elaborar un correcto menú sen glute, así como, a difusión da normativa actual en materia de alérxenos. Esta formación impartirase cada dous anos e, a solicitude do hostaleiro/a, cada vez que se incorpore novo persoal ao concreto establecemento. Entregarase un certificado de formación a cada persoa traballadora que asista aos cursos.





2. Toma de mostras e analíticas do menú sen glute elaborado polo establecemento hostaleiro, cunha periodicidade mínima de seis meses. Igualmente, en caso de que se reciba algunha queixa dalgún cliente en relación ao menú adaptado para persoas con celiaquía, iniciárase un protocolo de incidencias, que contempla a toma de, polo menos, unha mostra adicional, que será recollida por unha persoa anónima segundo o método cliente misterioso.

3. A realización de actividades de asesoramento técnico así como de información de provedores e asistencia nas tarefas de cambio de carta-menú sen glute.

5. Anualmente, realízase unha visita de auditoría ou inspección ao local, co obxecto de coñecer as necesidades do hostaleiro e valorar a necesidade de renovación de formación e de avaliar o impacto do desenvolvemento do programa no local, trala sinatura deste convenio de colaboración. De ser o caso, entregárase o distintivo indicador de que o local se atopa auditado pola Asociación de Celfacos de Galicia.

### TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social para o ano 2020.

| Aplicación orzamentaria | Ano 2020    |
|-------------------------|-------------|
| 13.02.312B.481.0        | 47.787,68 € |

2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso poderá supor beneficio económico para a entidade conveniente.

### CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir os **requisitos** sinalados no **artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia**, que a





seguir relaciónanse:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente determiníense.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A ACEGA debe cumprir coas **obrigas** establecidas no **artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño**, que son entre outras, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar vos





órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño..

3. A entidade debe cumprir coa **obriga de subministración de información** nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

## SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa desagregación que figura no cadro de abaixo, e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano 2020 ata a data límite de xustificación.







|                                                                                                                              |                    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>Persoal</b>                                                                                                               | 39.625,24 €        |
| <b>Control analítico</b>                                                                                                     | 3.112,00 €         |
| <b>Accións divulgativas</b>                                                                                                  | 5.050,44 €         |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                 | <b>47.787,68 €</b> |
| <i>Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.</i> |                    |

2. O **prazo de realización de gastos** será o establecido **entre o 1 de xaneiro do ano 2020 e o 15 de decembro do ano 2020**.

3. A **data límite de xustificación** será o **15 de decembro do ano 2020**. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

|                                                            |                                |
|------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| Axuda da Consellería de Política Social                    | 47.787,68 €                    |
| Período de realización de gastos e pagos                   | 1 de xaneiro ao 15 de decembro |
| Data límite da presentación da documentación xustificativa | 15 de decembro                 |

4. Considerarase **gasto realizado** o que foi efectivamente **pagado** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

5. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

7. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.







## SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) **Ata o 80% do total concedido** poderase facer efectivo **mediante pagamentos parciais** á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados, da seguinte forma:

1º. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

1º.1 Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

1º.2 Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1))

1º.3 Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o provedor, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.

1º.4 Declaración responsable dos quilómetros percorridos en vehículo particular para o desenvolvemento do programa obxecto do convenio de colaboración.

1º.5 Declaración responsable da relación de establecementos hostaleiros nos que se realizaron as actividades obxecto do convenio de colaboración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

2º A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os





datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

3º Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

4º Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado.

5º Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

b) **Antes de facer efectivo o 20%** restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o parágrafo anterior unha **memoria da actuación** obxecto do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.





## **OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO**

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo; polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO**

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
  - O presidente da entidade beneficiaria, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
  - A directora xeral de Familia Infancia e Dinamización Demográfica que actuara como presidenta e a suplencia exercerase pola subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
  - Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.





## **DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS**

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderá a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.
4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
6. Así mesmo, a entidade conveniente tratará os datos e de recabar o consentimento das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e





do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## **DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

## **DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.





## **DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS**

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

## **DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2020.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Política Social

A presidenta da asociación de celíacos de  
Galicia (ACEGA)

Fabiola García Martínez

María Teresa García Fernández

